



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

CELSO RODRÍGUEZ PADRÓN, SECRETARIO XERAL DO CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL,

CERTIFICO: QUE O PLENO DO CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL, NA SÚA REUNIÓN DO DÍA DA DATA, APROBOU O INFORME AO ANTEPROXECTO DE LEI DE MODIFICACIÓN DAS LEIS 30/2007, DE 30 DE OUTUBRO, DE CONTRATOS DO SECTOR PÚBLICO E 31/2007, DE 30 DE OUTUBRO, SOBRE PROCEDEMENTOS DE CONTRATACIÓN NOS SECTORES DA AUGA, A ENERXÍA, OS TRANSPORTES E OS SERVIZOS POSTAIS PARA A SÚA ADAPTACIÓN Á NORMATIVA COMUNITARIA

I

ANTECEDENTES

Con data de 15 de xaneiro de 2010 tivo entrada no Rexistro do Consello Xeral do Poder Xudicial (CXPX) o texto do Anteproxecto de Lei de modificación das Leis 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e 31/2007, de 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais para a súa adaptación á normativa comunitaria, remitido polo Ministerio de Economía e Facenda, a efectos da emisión do preceptivo informe.

A Comisión de Estudos e Informes, designou Relator ao Excmo. Sr. Vocal D. José Manuel Gómez Benítez, e en reunión de data de 11 de febreiro de 2010 aprobou o presente informe, acordando a súa remisión ao Pleno do Consello Xeral do Poder Xudicial.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

II

CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE A FUNCIÓN CONSULTIVA DO CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

A función consultiva do Consello Xeral do Poder Xudicial a que se refire o artigo 108 da Lei Orgánica do Poder Xudicial ten por obxecto os anteproxectos de leis e disposicións xerais do Estado e das Comunidades Autónomas que afecten total ou parcialmente, entre outras materias expresadas no citado precepto legal, a *“normas procesuais ou que afecten a aspectos xurídico-constitucionais da tutela ante os Tribunais ordinarios do exercicio de dereitos fundamentais e calquera outra que afecte á constitución, organización, funcionamento e goberno dos Xulgados e Tribunais”*.

Atendendo a este ditado, en prol dunha correcta interpretación do alcance e sentido da potestade consultiva que alí se prevé a favor deste Consello, e considerado o contido do Anteproxecto remitido, o informe que se emite limitarase ao exame e alcance das normas substantivas ou procesuais que nel se inclúen especificamente, evitando calquera consideración sobre cuestións alleas ao Poder Xudicial ou ao exercicio da función xurisdiccional que este ten encomendada.

Con estes parámetros o presente Informe limitarase á Disposición final primeira do Anteproxecto que prevé a modificación da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa; precepto ao que, polo demais, se limita o requirimento de informe remitido polo Ministerio de Economía e Facenda.

Sen prexuízo do anterior, e con arranxo ao principio de colaboración entre os órganos constitucionais, o Consello Xeral do Poder Xudicial veu indicando a oportunidade de efectuar nos seus informes outras consideracións, relativas, en particular, a cuestións de técnica legislativa ou de orde terminolóxica, co fin de contribuír a mellorar a corrección dos textos normativos e, por conseguinte, á súa efectiva aplicabilidade nos procesos xudiciais, por canto son os órganos



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

xurisdicionais os que, en última instancia, deberán aplicar posteriormente as normas sometidas a informe deste Consello, unha vez aprobadas polo órgano competente.

III

ESTRUTURA E CONTIDO DO ANTEPROXECTO

O Anteproxecto obxecto de informe incorpora ao ordenamento xurídico interno a Directiva 2007/66/CE do Parlamento Europeo e do Consello, de 11 de decembro de 2007, pola que se modifican as Directivas 89/665/CEE e 92/13/CEE do Consello no que respecta á mellora da eficacia dos procedementos de recurso en materia de adxudicación de contratos públicos; directivas que regulaban os recursos en materia de contratación tanto en relación cos contratos do Sector Público, como respecto aos que se celebren nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais.

A Directiva de reforma, e por tanto o Anteproxecto polo que se procede á súa incorporación ao noso ordenamento, pretende reforzar os efectos do recurso administrativo, permitindo que os candidatos e licitadores que interveñan nos procedementos de adxudicación poidan interpoñer recurso contra as infraccións legais producidas na tramitación dos procedementos de selección, coa posibilidade razoable de conseguir unha resolución eficaz.

A estes efectos, a Directiva establece unha serie de medidas accesorias para garantir a eficacia da resolución ditada nun procedemento de impugnación, singularmente prevé a suspensión do acordo de adxudicación ata que transcorra o prazo suficiente para que os interesados poidan interpoñer os seus recursos, así como que se manteña a suspensión ata que se resolva o fondo do recurso, ou polo menos, ata que exista resolución expresa sobre o mantemento ou non da suspensión.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Ao mesmo tempo, a Directiva prevé a facultade dos recorrentes para solicitar a adopción de calquera medida preventiva tendente a asegurar os efectos da resolución que poidan adoptarse durante a tramitación do recurso, ou tendente a evitar os danos que puidesen derivar do mantemento do acto impugnado.

Por outra banda, nos casos nos que a infracción afectase á publicidade da convocatoria do contrato ou á inobservancia dos prazos de suspensión previstos na mesma, a Directiva prevé a posibilidade de declarar a nulidade dos contratos así adxudicados.

O Anteproxecto remitido polo Goberno pretende a modificación das dúas leis aplicables ao sector afectado pola nova regulación europea, e que precisan da súa adaptación, e conseguinte incorporación da normativa comunitaria. Non se trata, daquela, de aprobar unha Lei entendida como novo corpo legal, como código, que canalice a totalidade da incorporación, cos necesarios efectos modificativos e derogatorios que dela derivaran, senón da modificación directa das leis existentes e vixentes no Dereito español relativas á contratación pública que se ven afectadas pola nova transposición de normas comunitarias.

Certamente os principios contidos na norma comunitaria que se pretende incorporar non son dispares aos presentes na nosa lexislación. De feito, as dúas leis obxecto de reforma conteñen a regulación dos recursos ou reclamacións, segundo o caso concreto, que cabe interpoñer contra os actos de adxudicación ou contra os actos do procedemento administrativo que serve de base, mesmo prevén o prazo de suspensión subseguinte á adxudicación, a suspensión do acto como consecuencia da interposición do recurso ou a reclamación e a adopción de medidas preventivas.

Sen embargo, a aplicación e incorporación dos principios contidos na Directiva comunitaria precisa, no dicir da Exposición de Motivos do Anteproxecto, dun procedemento áxil, no que a resolución poida adoptarse no menor tempo



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

posible sen, por tanto, pasar por alto a atención da garantía dos dereitos dos interesados, e a adaptación de aspectos concretos.

Con estes parámetros, o Anteproxecto incorpora algúns aspectos concretos da Directiva relativos á atribución a un órgano independente a competencia para a resolución ou á suspensión da adxudicación que debe manterse ata que tal órgano resolva ben sobre o seu mantemento, ou ben sobre o fondo da cuestión, a determinación do momento a partir do que se inicia o cómputo do prazo de espera e do prazo para a interposición do recurso, unha nova regulación do contido das notificacións aos licitadores para informar con suficiente detalle do resultado da licitación e das razóns que levaron ao órgano de contratación a adoptar a decisión.

Tamén o Anteproxecto pretende dar resposta á aparente contradición que para o carácter universal do recurso poida derivar de que os actos producidos entre a adxudicación provisional e a definitiva quedasen fóra do ámbito de aplicación do mesmo. E isto porque, malia que se trata de actos de cumprimento practicamente automático sen controversia xurídica posible, conceptualmente deben ser susceptibles de recurso para dar satisfacción aos requirimentos de adaptación do ordenamento interno á norma comunitaria.

Neste sentido, o Anteproxecto viuse na necesidade de refundir nun só acto os de adxudicación provisional e definitiva, facendo, así, coincidir a perfección do contrato coa formalización do mesmo, sen que entre ambos os dous trámites se prevea actuación ningunha salvo as que deriven, no seu caso, da interposición do recurso. Así mesmo, o Anteproxecto introduce en ambas as dúas leis a declaración de nulidade dos contratos nos termos previstos na Directiva.

Estruturalmente, o Anteproxecto consta dunha Exposición de Motivos, dous artigos, subdivididos á súa vez en múltiples apartados, tres Disposición adicionais, dúas Disposicións transitorias, unha derogatoria e dúas finais.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

O artigo primeiro recolle as modificacións introducidas á Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, mentres o artigo segundo inclúe as reformas propostas da Lei 31/2007, de 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais para a súa adaptación á normativa comunitaria.

Polo que se refire ás Disposicións ao articulado:

- i) a Adicional primeira regula o réxime dos órganos competentes para resolver os recursos da Administración Xeral do Estado e Entidades Contratantes adscritas a ela;
- ii) a Adicional segunda establece o réxime dos órganos provinciais e competentes para resolver os recursos das Corporacións Locais e Entidades Contratantes adscritas a ela;
- iii) a Adicional terceira, refírese ao réxime de comunicacións e notificacións;
- iv) a Transitoria primeira prevé o réxime dos recursos en tanto non se constitúan os órganos competentes; mentres que a Transitoria segunda se ocupa do Réxime Supletorio para as Comunidades Autónomas;
- v) a Derrogatoria única sinala os arts. derogados das normas reformadas,
- vi) a Final primeira modifica a Lei 29/1988, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa, obxecto concreto deste informe, e
- vii) a Final segunda establece a entrada en vigor ao mes da súa publicación, sen prexuízo do establecido na Disposición Transitoria Segunda en canto ao nomeamento dos membros do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

IV

CONSIDERACIÓNS XERAIS SOBRE O ANTEPROXECTO

O Anteproxecto opta por agrupar o conxunto de modificacións de diferentes leis nun texto de aprobación conxunta en sede parlamentaria, pero chamado, *a posteriori*, a incorporarse, precepto a precepto, a cada unha das leis que se proxecta reformar: Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público e 31/2007, de 30 de outubro, sobre procedementos de contratación nos sectores da auga, a enerxía, os transportes e os servizos postais para a súa adaptación á normativa comunitaria.

Á elección que realiza o Anteproxecto do modo e forma de proceder á incorporación da norma comunitaria non cabe formular obxección ningunha, toda vez que integra a marxe de liberdade que a Constitución recoñece ao lexislador, e ademais emprega un instrumento normativo, a lei, que tanto material, como competencial e formalmente respecta os procedementos constitucionais así como o rango de lei que esixe a materia.

Polo demais, a materia obxecto deste Anteproxecto sitúase no ámbito da competencia supletoria do Estado, como se recolle na Disposición Transitoria Segunda, que establece que ata que as Comunidades Autónomas non regulen o órgano ante o que debe incoarse a cuestión de nulidade prevista na Lei de Contratos do Sector Público, Lei 30/2007, ou interpoñerse o recurso, así como os efectos que derivarán da súa interposición, serán aplicables determinadas normas das leis reformadas, determinando, neste sentido, o órgano competente e o réxime dos efectos.

Polo demais, a competencia do Estado nesta materia vén avalada pola Xurisprudencia do Tribunal Constitucional que admitiu que o Estado lexisle con



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

carácter supletorio en materias de competencia autonómica cando se trate de incorporar Dereito comunitario ao Dereito interno.

En definitiva, de conxunto, o Anteproxecto responde adecuadamente ao seu obxectivo concreto, a incorporación ao noso Dereito do grao de harmonización na materia buscado pola norma comunitaria.

O texto do Anteproxecto non foi acompañado polo órgano remitente da documentación legalmente prevista. Neste sentido, non se remitiron a este Consello nin a Memoria Explicativa, nin os Informes sobre a necesidade e oportunidade do Anteproxecto, sorbe o impacto por razón de xénero das medidas que establece, nin a Memoria económica estimatoria dos custos se os houbera, documentación, estudos e informes aos que vén obrigado polo art. 22 da Lei do Goberno.

V

CONSIDERACIÓNS SOBRE O CONTIDO DO ANTEPROXECTO

Como se dixo con anterioridade, o escrito remitido polo Ministerio de Economía e Facenda a este Consello Xeral do Poder Xudicial limita o informe requirido á Disposición final primeira do Anteproxecto ao supoñer esta disposición unha modificación da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Esta limitación do obxecto de informe xustifícase no contido do art. 108.1 LOPX en canto dispón que este Consello informará dos anteproxectos de leis e disposicións xerais do Estado e das Comunidades Autónomas que afecten total ou parcialmente, entre outras materias expresadas no citado precepto legal, a *“normas procesuais ou que afecten a aspectos xurídico-constitucionais da tutela ante os Tribunais ordinarios do exercicio de dereitos fundamentais e calquera outra que afecte á constitución, organización, funcionamento e goberno dos Xulgados e Tribunais”*.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Con estes antecedentes, a disposición citada do Anteproxecto remitido constitúe o obxecto concreto deste informe, sen prexuízo dalgunha observación de técnica lexislativa que, en función do principio de colaboración institucional, poida realizarse.

O texto da Disposición Final primeira é o seguinte:

“Modificación da Lei 29/1988, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Un. O apartado k) do apartado 1 do artigo 10 da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa pasa a ser o parágrafo ll) e engádense dous novos parágrafos k) e l) a dito apartado 1 coa seguinte redacción:

“k) As resolucións ditadas polo órgano competente para a resolución de recursos en materia de contratación previsto no artigo 311 da Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, en relación cos contratos incluídos no ámbito competencial das Comunidades Autónomas ou das Corporacións locais.

l) As resolucións ditadas polos Tribunais Administrativos Territoriais de Recursos Contractuais.”

Dous. Engádense un novo parágrafo f) ao apartado 1 do artigo 11 da Lei da Xurisdición Contencioso-Administrativa coa seguinte redacción:

“f) As resolucións ditadas polo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, con excepción do disposto no artigo 10.1.h).”

A Disposición transcrita atribúe novas competencias de coñecemento en única instancia ás Salas do Contencioso-Administrativo dos Tribunais Superiores



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

de Xustiza (apartado un), e á Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional, residenciando:

- i) nas Salas do Contencioso-Administrativo dos Tribunais Superiores de Xustiza [novos apartados k) e l) do art. 10.1 da LXCA], o coñecemento, en única instancia, das resolucións ditadas polo órgano competente para a resolución dos recursos administrativos en materia de contratación que será segundo o novo art. 311, no ámbito da Administración Xeral do Estado o novo Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais, adscrito ao Ministerio de Economía e Facenda e composto por un Presidente e o número de vocais que se estableza regulamentariamente, no ámbito das Comunidades Autónomas, o órgano independente que deben crear a estes efectos, e no ámbito das Corporacións locais o órgano independente creado ao efecto polas Deputacións Provinciais ou pola Comunidade Autónoma cando se trate dunha Comunidade uniprovincial, e as resolucións ditadas polos Tribunais Administrativos Territoriais de Recursos Contractuais, que se poderán constituír, a medida que o número de recursos da Administración Xeral do Estado e Entidades Contratantes adscritas a ela o esixa (Disposición Adicional Primeira do Anteproxecto), en cada unha das capitais de Comunidade Autónoma; e
- ii) na Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional [novo apartado f) do art. 11.1 da LXCA], o coñecemento, en única instancia, das resolucións ditadas polo Tribunal Administrativo Central de Recursos, salvo o disposto no art. 10.1.h).

A reforma da LXCA proposta polo Anteproxecto resulta obrigada, toda vez que se prevé a creación de novos órganos con capacidade para resolver recursos administrativos, e por tanto con competencia para adoptar decisións en relación aos mesmos. Decisións que como toda actuación administrativa debe ditarse en



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

cumprimento e con sometemento á lei e ao Dereito (art. 103.1 CE), e ser revisable polos tribunais da xurisdición ordinaria, que, á súa vez, controlarán a súa legalidade.

Este postulado que constitúe un principio basilar do Estado de Dereito, vén, polo demais, recollido de forma expresa na Constitución, cuxo art. 106.1 dispón que *“os Tribunais controlan a potestade regulamentaria e a legalidade da actuación administrativa, así como o sometemento desta aos fins que a xustifican.”*

O ámbito da xurisdición contencioso-administrativa vén determinado pola conxunción dun criterio obxectivo e un criterio subxectivo. Obxectivamente, á xurisdición contencioso-administrativa corresponde coñecer as actuacións administrativas, sexan expresas ou presuntas, por acción ou omisión ou inactividade, suxeitas a Dereito Administrativo, como expresa o art. 1.1 LXCA ao establecer que *“os Xulgados e Tribunais da orde contencioso-administrativa coñecerán das pretensións que se deduzan en relación coa actuación das Administracións públicas suxeita a Dereito Administrativo, coas disposicións xerais de rango inferior á Lei e cos Decretos legislativos cando excedan os límites da delegación.”*

As formas de actuación administrativa suxeitas a control determínanse, daquela, de forma ampla e extensa, polo que o criterio obxectivo pode identificarse coa aplicación como norma rexedora do asunto de normas de Dereito Administrativo.

Subxectivamente, o ámbito desta xurisdición tamén se definiu de forma ampla, en tanto a LXCA considera Administracións públicas, aos seus efectos, a Administración Xeral do Estado, a Administración das Comunidades Autónomas e a entidades que integran a Administración local, máis as entidades de Dereito público, de todo tipo, dependentes ou vinculadas ás mesmas (art. 1.2 LXCA).



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

Ademais o art. 1.3 LXCA atribúe a esta xurisdición o coñecemento das pretensións procesuais que se deduzan en relación cos *“actos e disposicións en materia de persoal, administración e xestión patrimonial suxeitos ao dereito público adoptados polos órganos competentes do Congreso dos Deputados, do Senado, do Tribunal Constitucional, do Tribunal de Contas e do Defensor do Pobo, así como das Asembleas Lexislativas das Comunidades Autónomas e das institucións autonómicas análogas ao Tribunal de Contas e ao Defensor do Pobo”*, e tamén o coñecemento dos actos e disposicións do *“Consello Xeral do Poder Xudicial e a actividade administrativa dos órganos de goberno dos Xulgados e Tribunais, nos termos previstos na Lei Orgánica do Poder Xudicial”*, e a actuación da Administración electoral nos termos que prevé a LOREX.

O anterior dá conta da amplitude do ámbito da Xurisdición Contencioso-Administrativa, a cuxo coñecemento e axuizamento queda sometido calquera actuación pública, rexida polo Dereito Administrativo, así como a dos órganos constitucionais do Estado.

Con estes parámetros, a regulación prevista no Anteproxecto é plenamente coherente e xustificada, daquela, tanto polo obxecto, a actuación administrativa en materia de contratación no sector público e nos sectores de subministracións aos que se refire a Lei 31/2007, e o Dereito aplicable á materia, Dereito público Administrativo, como polo suxeito, que implica a actuación de Administracións públicas, o control e revisión destas actuacións, así como a resolución das reclamacións que se presenten na materia, a cuestión encontra a súa sede natural de axuizamento na xurisdición contencioso-administrativa.

Dende esta perspectiva debe interpretarse a reforma que o apartado Cinco do artigo Primeiro do Anteproxecto prevé do art. 21.1 da Lei 30/2007, ao engadir un último inciso que vén a atribuír á orde xurisdiccional contencioso-administrativa competencia para coñecer *“dos recursos interpostos contra as resolucións que se diten polos órganos de resolución de recursos previstos no artigo 311 desta Lei”*, a



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

saber os órganos independentes de nova creación incorporados na reforma operada polo Anteproxecto.

A competencia que corresponde ás Salas do Contencioso-Administrativo dos Tribunais Superiores de Xustiza en única instancia é unha competencia residual, é dicir, o seu coñecemento se estende sobre todos aqueles asuntos cuxo coñecemento non está atribuído expresamente a outros órganos da xurisdición [art. 10.1.k), vixente], aínda que, e non obstante esta competencia residual, a Lei especifica algunhas outras competencias, ás que virían a incorporarse os dous novos apartados que o Anteproxecto prevé para o art. 10.1 LXCA.

Estas novas atribucións responden á estrutura do articulado, que vén residenciando nestas Salas dos Tribunais Superiores de Xustiza a competencia relativa a actos e disposicións das Comunidades Autónomas, salvo as atribuídas aos Xulgados do Contencioso, e das entidades locais, así como os actos e resolucións dos Tribunais Económico-Administrativos Rexionais e Locais que poñan fin á vía administrativa e do Tribunal Económico-Administrativo Central en materia de tributos cedidos.

Igual coherencia co resto do articulado pode observarse en relación coa nova competencia atribuída á Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional en única instancia, que responde ao modelo de corresponder a esta o coñecemento dos recursos contra actos de natureza económico-administrativa ditados polo Tribunal Económico-Administrativo Central, excepto en materia de tributos cedidos ás Comunidades Autónomas.

Agora ben, se son claros tanto o reparto de competencias e as regras atributivas da mesma previstas no Anteproxecto e parecen coherentes e xustificadas conforme ao sistema de distribución competencial deseñado pola LXCA entre xulgados e tribunais desta xurisdición, non se alcanza a coñecer as razóns polas que a Disposición Final Primeira do Anteproxecto, cando no seu



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

segundo apartado engade unha nova letra f) ao art. 11.1 LXCA dispón que corresponde á Sala do Contencioso-Administrativo da Audiencia Nacional en única instancia, o coñecemento das *“resolucións ditadas polo Tribunal Administrativo Central de Recurso Contractuais, con excepción do disposto no artigo 10.1.h)”*.

O art. 10.1.h) LXCA establece a competencia das Salas do Contencioso-Administrativo dos Tribunais Superiores de Xustiza para coñecer en única instancia da *“prohibición ou a proposta de modificación de reunións previstas na Lei Orgánica 9/1983, de 15 de xullo, Reguladora do Dereito de Reunión.”*

Este último inciso non garda relación ningunha coa materia obxecto do Anteproxecto, nin coas novas atribucións que o mesmo prevé para as Salas do Contencioso-Administrativo de Tribunais Superiores de Xustiza e da Audiencia Nacional, respectivamente. Parece, daquela, que deba tratarse dun erro e que ben deba omitirse, ou ben a referencia de exclusión se verifique en relación con outro apartado do precepto legislativo.

Neste sentido, considerando o esquema e os principios que rexen a articulación de competencias entre Tribunais nesta materia, parece que a referencia de exclusión deba verificarse en relación coas competencias que o Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais puidese exercer en relación cos contratos incluídos no ámbito competencias das Comunidades Autónomas, en aplicación da previsión do novo artigo 311.2 cuarto parágrafo, é dicir, nos casos nos que as Comunidades Autónomas atribúan a competencia para a resolución destes recursos ao Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais. Trataríase, daquela, de supostos nos que a competencia, por aplicación do novo apartado k) do art. 10.1 LXCA deba corresponder á Sala do Contencioso-Administrativo dos Tribunais Superiores de Xustiza.

Recoméndase a reconsideración do texto e a súa redacción de forma explícita e clara, toda vez que unha redacción confusa ou incorrecta pode xerar



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

conflictos de competencia entre Salas da mesma orde de distintos Tribunais e prexuízos evidentes no ámbito da protección dos dereitos e intereses dos cidadáns derivados da inseguridade xurídica que presenta a norma de atribución de competencias.

En todo caso, recoméndase a revisión do texto, mesmo a do total do articulado, dado que hai numerosos preceptos novos e que estes poden afectar ao sistema de remisións no articulado, tanto no vixente, como en relación coas reformas.

Nesta orde de cousas, con carácter xeral, parece conveniente reconsiderar a redacción do texto para facilitar a súa interpretación e aplicación, tendo en conta que a transposición de textos comunitarios en ocasións se traduce nunha utilización e redacción forzada respecto aos modos e formas do emprego do noso idioma.

Neste sentido, parece aconsellable que os novos preceptos excesivamente longos que prevé a reforma, como é o caso do novo art. 311 da Lei 30/2007, inclúan na división numérica prevista unha nova subdivisión que identifique adecuadamente cada parágrafo ou apartado, xa que algún, en concreto o art. 311 citado está formado por cinco números, dos que o primeiro contén 8 párrafos, incluíndo un deles, o sexto, seis apartados alfabéticos, o segundo engloba cinco párrafos, o terceiro, tres, o cuarto dous e un só o quinto. Debería reconsiderarse a oportunidade de dividir o contido do precepto e recorrer ao artigo *bis*.

Seguindo con esta perspectiva, e atendendo a un principio de colaboración institucional co fin de contribuír a mellorar a corrección dos textos normativos e, por conseguinte, á súa efectiva aplicabilidade nos procesos xudiciais, parece axeitado incluír neste Informe algunha recomendación de técnica legislativa.



CONSELLO XERAL DO PODER XUDICIAL

A Disposición obxecto de informe contempla que, como consecuencia da introdución de dous novos apartados, o actual apartado k) do art. 10.1 LXCA pasará a ser o apartado ll). Efectivamente, a letra “ll” forma parte do abecedario en castelán, e o seu lugar é o seguinte á “l”. Sen embargo, segundo a RAE *“nos dicionarios, non obstante, en cumprimento de estándares internacionais, a ch e a ll –cuarta e décimo cuarta letras do alfabeto- agrúpanse dentro da c e da l, respectivamente.”*

Aínda que é sen dúbida unha cuestión menor, tal vez optar polo estándar internacional fíxese o texto máis sinxelo, áxil e fácil de cara a posibles remisións internormativas. Polo demais, resultaría coherente coa non enunciación da “ch”, que igual que a “ll” segue a ser letra do alfabeto español aínda que se agrupe na “c” nos dicionarios.

Dende outro ámbito, aínda que neste contexto que ofrece o principio de colaboración institucional, debe lembrarse que este Anteproxecto non foi acompañado polos Informes e Memorias legalmente preceptivos segundo o art. 22 da Lei do Goberno, nin do relativo á valoración de bens persoais e materiais que poidan resultar implicados na súa aplicación polos Xulgados e Tribunais que integran o Poder Xudicial, así como do impacto no seo das súas funcións.

É todo canto ten que informar o Consello Xeral do Poder Xudicial.

E para que conste e teña efectos, estendo e asino a presente en Madrid, a vintecinco de febreiro de dous mil dez.